

# NORMATIVA ESPECÍFICA DO CAMPIONATO DE BRILÉ

## 1. TEMPORALIZACIÓN DO CAMPIONATO DE BRILÉ

O campionato de brilé realizarse nos **recreos dos mércores e venres do primeiro trimestre**, seguindo o calendario de competición elaborado pola organización.

En **cada xornada** disputaranse **dous partidos** de forma simultánea.

O **mércores 18 de setembro** haberá no ximnasio unha **reunión informativa** para explicar ao alumnado en que consiste a actividade, as normas xerais do campionato e as normas específicas que regularan os partidos de brilé.

O **venres 20** e o **mércores 25 de setembro**, no ximnasio, o alumnado poderá realizar a súa **inscrición no campionato** e resolver as súas dúbidas.

O **venres 27 de setembro**, no ximnasio, **reunión co alumnado que se inscribiu de forma individual para darlles a coñecer o equipo do que forman parte** e para que escollan o seu nome e ao seu capitá/n.

O **campionato de brilé comezará o MÉRCORES 2 DE OUTUBRO**, polo que nos días previos publicarase o calendario de competición na porta do ximnasio e no apartado correspondente da web do centro.

## 2. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Os equipos de brilé serán de **8 xogadores/as** e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O equipo ten que estar formado por **catro nenos** e por **catro nenas**.
- O equipo ten que estar formado por **dous xogador/as de cada curso**, é dicir, o equipo estará composto por dous xogadores/as de 3º de primaria, dous xogadores/as de 4º de primaria, dous xogadores/as de 5º de primaria e dous xogadores/as de 6º de primaria.

## 3. TERREO DE XOGO E MATERIAL

O campionato de brilé disputarse no **pavillón** onde estarán marcados **dous campos de xogo** empregando conos e aproveitando algunhas das liñas pintadas no chan correspondentes á cancha de baloncesto.

Para a competición utilizaranse **dous balóns brandos**.

## 4. DURACIÓN DOS PARTIDOS DE BRILÉ

O partido de brilé finaliza cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- No momento que **un equipo brile a todos os xogadores/as do equipo contrario** seguindo as regras recollidas no apartado 5 desta normativa específica.
- Cando a organización indique mediante un asubío o **fin de tempo de xogo**. Neste caso o **partido quedará en empate independentemente do número de xogadores/as que estean brilados en cada equipo**.

Se un partido **remata antes dos 20 minutos de xogo**, os equipos poderán **seguir xogando o tempo extra restante**.

No caso de rematar antes dos 20 minutos de xogo os dous partidos que se disputan simultaneamente poderán intercambiarse os equipos e seguir xogando e se o desexan poderán xogar dous equipos xuntos (dezaseis contra dezaseis)

O **tempo "extra de xogo"** non se terá en conta para o resultado final do partido.

## 5. REGULAMENTO DO BRILÉ

Os partidos de brilé rexeranse polas seguintes **regras de obrigado cumprimento** por tódolos xogadores/as:

- As capitás/ns dos dous equipos xogarán a pedra, papel, tesoira dúas veces. O gañador da primeira roda escollerá a zona do campo na que vai a xogar o seu equipo. O equipo gañador da segunda rolda disporá do balón para iniciar o partido.
- Ao comezo do partido os xogadores/as estará colocado dentro do seu campo a excepción dun compoñente de cada equipo que se situará tras a liña do cemiterio do campo contrario.
- O xogador/a que comeza no cemiterio volverá ao seu campo no momento que sexa brilado o primeiro xogador/a do seu equipo.
- Cando un balón tras ser lanzado golpee directamente (sen bote previo) a un xogador/a do equipo contrario e a continuación caia ao chan o xogador/a golpeado estará brilado.
- Tras ser brilado, o xogador/a irá ata o seu cemiterio dende onde realizará un lanzamento. Se no mesmo brila a un opoñente, volverá ao seu campo, de non ser así permanecerá no cemiterio ata o remate do partido.
- O último xogador/a dun equipo tras ser brilado deberá ir ao seu cemiterio para realizar o seu lanzamento, se no mesmo brila a un xogador/a do equipo contrario volverá ao seu campo e continuará o xogo. No caso de fallar o lanzamento finalizará o partido sendo gañador do mesmo o equipo que brilou a todos os contrarios.
- Os lanzamentos á cabeza non están permitidos. Se un xogador/a é golpeado/a na cabeza non estará brilado/a e será o que poña o balón en xogo.
- Os balóns que saian polas liñas laterais do campo só poderán ser recollidos polos xogadores/as do equipo que se atopan nesa zoa de xogo.
- Os balóns que saian pola liña do cemiterio só poderán ser recollidos polos xogadores/as que se atopan no mesmo.
- Se un xogador/as pisa a liña do medio do campo ou a liña do cemiterio no momento de lanzar, o lanzamento non é válido pasando o balón ao equipo contrario. Tampouco se poden pisar estas liñas para coller o balón que se atopa no campo ou no cemiterio do equipo contrario.
- Un xogador/a non poderá lanzar dúas veces seguidas dende o seu campo ou dende o cemiterio, excepto cando quede un só xogador/a sen brilar ou só estea no cemiterio un xogador/a.

- Se por ausencia ou sanción falta o xogador/a dun equipo, dito equipo non terá "vida extra" para compensar o xogador/a que falta.
- Durante a disputa do partido só poderán solicitar permiso para ir a zoa de vestiarios os xogadores/as que estean brilados. No tempo extra de xogo poderá facelo calquera xogador/a.
- Tódalas accións de xogo que non poidan ser resoltas cos elementos recollidos neste regulamento serán resoltos directamente pola profesora encargada da supervisión do xogo.